

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

*Corrección de erros.-Decreto 267/1999,
do 30 de setembro, polo que se establece
a ordenación dos establecementos hote-
leiros.*

Advertidos erros no citado decreto, publicado no DOG nº 201, do 18 de outubro de 1999, cómpre face-las seguintes correccións:

-Na páxina 12.330, no artigo 8º, onde di: «... nin exhibir outra categoría que aquela na que se atopar clasificado», debe dicir: «... nin utilizar outra categoría que aquela na que se atopara clasificado».

-Na páxina 12.331, no artigo 10º, punto 5 onde di: «... poderá razoadamente dispensar un establecemento...», debe dicir: «... poderá razoadamente dispensar a un establecemento...».

-Na páxina 12.331, no artigo 11º, no segundo parágrafo, onde di: «... Para estes efectos, os interesados presentarán, de documentación que se relaciona no artigo 12º...», debe dicir: «... Para estes efectos, os interesados presentarán, da documentación que se relaciona no artigo 10º...».

-Na páxina 12.332, no artigo 12º, onde di: «... achegando para iso os documentos relacionados no artigo 12º...», debe dicir: «... achegando para iso os documentos relacionados no artigo 10º...».

-Na páxina 12.332, no artigo 18º, onde di: «... coa categoría que exhiba o establecementos...», debe

dicir: «... coa categoría que teña o establecemento...».

-Na páxina 12.333, no artigo 23º, onde di: «... esixidas nas disposicións sobre a materia...», debe dicir: «... esixidas nas disposicións sobre a materia...».

-Na páxina 12.333, no artigo 28º, onde di: «... con suxeición estrica ó ordenamento urbanístico vixente...», debe dicir: «... con suxeición estricte ó ordenamento urbanístico vixente...».

-Na páxina 12.337, no artigo 62º, onde di: «As cuartos estarán...», debe dicir: «Os cuartos estarán...».

-Na páxina 12.339, no artigo 82º, onde di: «... e comidas e bebidas nas cuartos...», debe dicir: «... e comidas e bebidas nos cuartos...».


-Na páxina 12.340, na disposición transitoria primeira, onde di: «Ós establecementos de que á entrada en vigor...», debe dicir: «ós establecementos que á entrada en vigor...».

-Na páxina 12.340, na disposición transitoria segunda, no punto 1, onde di: «... para adaptalas súas instalacións e servicios á categoría que exhiban», debe dicir: «... para adaptalas súas instalacións e servicios á categoría que teñan».


Na páxina 12.340, na disposición transitoria terceira, no punto 3, onde di: «... dificulten a realización de tales adaptacións...», debe dicir: «... dificulten a realización de tales adaptacións conforme ó sinlado no artigo 10º punto 5 desta disposición».

-Na páxina 12.341, no anexo I, deberán figurar ademais estoutras placas:

HOTEL-RESIDENCIA



PENSIÓN-RESIDENCIA



-Na páxina 12.342, o modelo de solicitude que consta no anexo II debe ser substituído polo que segue:

ANEXO II

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

PROCESAMENTO SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE APERTURA E CLASIFICACIÓN TURÍSTICA DE ESTABLECIMENTO HOTELEIRO	DOCUMENTO C/1984D SOLICITUDE
---	--

TITULAR	
NOME E APELLIDOS	NIF
RAZÓN SOCIAL	CF
DIRECCIÓN	
LOCALIDADE	TELÉFONO
	FAX
	CÓDIGO POSTAL

EXPÓN:
Que conforme co Decreto 267/1999, polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros.

SOLICITA:
Autorización de apertura e clasificación do establecemento hoteleiro da empresa sinalada no grupo, categoría e especialidade que se sinalan:
(*)

GRUPO E CATEGORÍA	SERVICIOS:	
GRUPO: 1º HOTEL <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> 2º PENSIÓN <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	CATEGORÍA: 5 ESTRELAS <input type="checkbox"/> 4 ESTRELAS <input type="checkbox"/> 3 ESTRELAS <input type="checkbox"/> 2 ESTRELAS <input type="checkbox"/> 1 ESTRELA <input type="checkbox"/>	CON COMEDOR <input type="checkbox"/> SEN COMEDOR <input type="checkbox"/>
MODALIDADE HOTEIS-APARTAMENTOS <input type="checkbox"/> HOTEIS MOTELS <input type="checkbox"/> HOTEIS BALNEARIOS <input type="checkbox"/> HOTEIS DEPORTIVOS <input type="checkbox"/> HOTEIS CLUBES <input type="checkbox"/> HOTEIS FAMILIARES <input type="checkbox"/>	HOTEIS DE CIDADE <input type="checkbox"/> HOTEIS EN PRAIA <input type="checkbox"/> HOTEIS DE MONTAÑA <input type="checkbox"/> HOTEIS DE NATUREZA <input type="checkbox"/> HOTEIS GASTRONÓMICOS <input type="checkbox"/> HOTEIS DE TEMPADA <input type="checkbox"/>	HOTEIS PARADORES <input type="checkbox"/> HOTEIS POUXADAS <input type="checkbox"/> HOTEIS RÚSTICOS <input type="checkbox"/> HOTEIS MONUMENTOS <input type="checkbox"/> ALBERGUES TURÍSTICOS <input type="checkbox"/>

(*) Síñale cun X o grupo, categoría e especialización para as que solicita autorización

-Na páxina 12.343, no anexo III, no punto B COMUNICACIÓNS, onde di: «De incendios», debe dicir: «(*) De evacuación», e onde di: «As escaleiras e accesos de servicios poderán utilizarse como de evacuación sempre que reúnan as condicións esixidas pola normativa específica vixente...», debe dicir: «... As escaleiras e accesos de servicios poderán utilizarse como de evacuación sempre que reúnan as condicións esixidas pola normativa específica vixente...».

-No remate do texto do recadro de comunicacións debe dicir: «(*) Só para o caso de que a escaleira de clientes non reúna todos e cada un dos requisitos esixidos pola normativa vixente en materia de protección contra incendios».

-Na páxina 12.343, no anexo III, no recadro correspondente ós ascensores, montacargas e montapratos, ás categorías de 5, 4, 3 e 2 estrelas deberáselles engadi-la correspondente a 1 estrela.

-Na páxina 12.343, no anexo III, na última liña, onde di: «(*) Nos hoteis de 5 estrelas o 5% do total de habitacións...», debe dicir: «(*) Nos hoteis de 5 estelas o 5% do total dos cuartos...».

-Na páxina 12.344, no anexo III, no recadro correspondente á superficie mínima dos cuartos e dos baños, ás categorías de 5, 4, 3 e 2 estrelas deberáselles engadi-la correspondente a 1 estrela.

-Na páxina 12.344, no anexo III, no recadro correspondente ós artigos de acollida e hixiene nos cuartos,

onde di: «Gamuzas ou esponxa para...», debe dicir: «Rebezo ou esponxa para limpeza do calzado», e onde di: «Albornoz e pantufas de tea...», debe dicir: «Albornoz e pantuflas de tea...».

-Na páxina 12.346, no anexo V, no referente ós dormitorios, onde di: «... non se supere a porcentaxe establecida na alínea a) do artigo 53º...», debe dicir: «... non se supere a porcentaxe establecida no punto a) do artigo 51...».

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 300/1999, do 21 de outubro, polo que se desafecta do dominio público a parcela 639 da zona de concentración parcelaria da parroquia de San Fiz de Fóra (Santiago de Compostela).

A Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido na disposición adicional 7ª.1 da Lei 11/1995, do 28 de decembro (DOG nº 249, do 30 de decembro), posúe a propiedade da parcela nº 639 da zona de concentración parcelaria de San Fiz de Fóra, Santiago de Compostela, adscrita á Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria para a súa aplicación a fins e servicios de interese xeral agrario no ámbito territorial da extinta cámara agraria local de Santiago de Compostela, patrimonio do que procede.